

Mover os marcos do cotián, remexer conciencias,
tecer redes de afectos, gozar do lecer en comunidade,
andar á procura dun novo xeito de ser e de facer país.
Enfiar as cores do arco da vella e facer camiño,
cruzar pontes de leste a oeste, de norte a sur.

MOVE OS TEUS MARCOS é un lugar de encontro e acubillo,
un espazo seguro que promove a reflexión e o debate,
a música e a festa, o compromiso.

MOVE OS TEUS MARCOS parte da lembranza e da memoria,
do orgullo, da diversidade e da amizade, do amor á vida
e á terra, da consciencia de gozar do momento, de vivir o territorio.
Un encontro senlleiro e único, feito con agarimo,
que combina literatura e activismo, gastronomía e música,
para reivindicar que outros mundos son posibles.
Aquí e agora.

ORGANIZA



COLABORAN



MOVEO
S
TEUS
MARCO

MOVEO
S
TEUS
MARCO

SARRIA (LUGO)

**DESDE AS 12.00 H
DE BALDE**

**FESTA REIVINDICATIVA
E DIVERSA**

**OUTROS MUNDOS
SON POSIBLES**

PROGRAMA

12.00 h

**Parolada diversa
MOVE OS TEUS MARCOS**

**Terraza da CERVECERÍA DON PEPE PUB
Rúa da Liberdade, 126, semisótano*

Carlos Callón (profesor e escritor)

Daniela Ferrández (historiadora e investigadora da memoria LGBT en Galiza)

Braulio Vilariño (organización Festival Agrocuir)

Chené Gómez (ONGD Creart. Apoio psicosocial a través da arte en Gaza)

Modera: **Eva Mejuto** (xornalista, escritora e activista)

13.00 h

Camiñografía

Paseo teatralizado organizado por ULTREIA ET SUSEIA
en colaboración con #MOM

**MEIGAS E TRASGOS, PELERIÑOS,
REBULDEIRA TEATRO e SILVIA MONDELO**

**Desde CERVECERÍA DON PEPE PUB ata O MEIGALLO*

Con apoio de diversas asociacións culturais,
mestura baile tradicional, artes escénicas e narrativa
para dar vida a historias -reais e ficticias- sobre Sarria,
o seu patrimonio e o Camiño de Santiago

14.15 h

PREGÓN de inicio da Festa

**Todas as actividades a partir desta hora serán en
O MEIGALLO. PARQUE DO CHANTO*

14.30 h

Xantar festivo e Foliada

Organizado por ULTREIA ET SUSEIA en colaboración con #MOM
SARRICANTA, MEIGAS E TRASGOS e PELERIÑOS

16.30 h

Recital

CANTO EN PARADA

Peza escénica multidisciplinar

Luís L. Alonso, poesía

Rafael Mallo, percusión

(Triángulo de Amor Bizarro)

17.00 h

Música

PANDEIRETEIRAS

PELERIÑOS

17.30 h

Concerto: DE VACAS

18.30 h

Concerto: MONDRA

Formato reducido

19.30 h

DE VACAS & MONDRA

Colaboración especial e única feita con amor para #MOM



ACTIVIDADES PARA A CATIVADA

*Acceso libre
ata completar cabida*

16.30 h

**Obradoiro
PULSEIRAS COLORIDAS**

Deseñaremos unhas pulseiras con doas e letras para reivindicar a igualdade e o respecto mutuo, así como a diversidade afectivo-sexual

A partir de 4 anos

17.30 h

**Obradoiro
RETRATO EN COLLAGE PALESTINA**
Taller creativo no que traballaremos en parellas empregando a técnica do *collage*.
Realizaremos a nosa propia obra artística en recordo da situación do pobo palestino

A partir de 4 anos

18.30 h

**Obradoiro
ABANO DE CORES**

Utilizando papeis de sete cores diferentes elaboraremos uns fabulosos abanos para a calor que se achega

A partir de 4 anos

de 18.00 h a 19.30 h

**Obradoiro
FACENDO GALLETAS CON TORTA DE SARRIA**

Obradoiro de galletas para crianzas impartido por **Lourdes Pombo**

A partir de 6 anos

Espazo ZONA GASTRO (posto TORTA DE SARRIA)

** Horario continuado para participar libremente*

OUTRAS ACTIVIDADES

EXPOSICIÓNS

GALEGOZA! A canción en galego,
da Deputación Provincial de Lugo

A mostra, comisariada por **Pepe Cunha**, explora a evolución da música en galego desde os anos sesenta ata a actualidade.

AS SÚAS OUTRAS VOCES

Exposición fotográfica resultado do traballo durante dúas décadas da **ONGD Creart** na franxa de Gaza.

As imaxes reflicten a resiliencia de nenos, nenas, xente nova e mulleres gazatís quen, a través da arte, expresan libremente as súas vivencias, axudándolles a reconstruír o sentido de identidade, esperanza e autoestima.

INSTALACIÓNS E INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS

Durante toda a xornada crearemos colectivamente dúas instalacións artísticas reivindicativas arredor da situación do pobo palestino.

Estas actividades estarán abertas a todas as persoas que desexen participar.

ARTIVISTA “ENLÁZATE A GAZA”

Conectaremos as dúas beiras, a de Gaza no Mediterráneo e a de Galiza no Atlántico, mediante a arte. Enfiaremos estas dúas realidades con cintas coloridas.

TECER SOBRE O VALADO: GA(LI)ZA

Deixaremos fluír a nosa creatividade colectiva para tecer palabras sobre uns dos valados da nosa festa.

ESPAZOS

Terraza CERVECERÍA DON PEPE PUB

Faladoiro diverso para abrir a xornada.

O Meigallo. Parque do Chanto ANFITEATRO

Espazo central onde haberá encontros, poesía, música... e moitas cousas máis ao longo de toda a tarde.

ZONA GASTRO

O bar-restaurant **Meigallo** estará ao voso dispor para repoñermos forzas ou tomar un petisco.

Haberá unha zona con produtos de alimentación seleccionados da comarca e, como en toda boa festa, teremos un posto de polbo á feira.

ANDEL DE CORES (Librería Galicia 1932)

Espazo de venda de libros onde poderedes atopar obras das persoas participantes nas diferentes actividades.

ARCO DA VELLA

A cativada disporá dun espazo especial para descansar, ler e xogar.

Ao longo de toda a xornada teremos sesións de contos, obradoiros e moito máis!

A partir de 4 anos